

Comentario cantiga amigo

Guión:

- Identificación da cantiga: débense citar todos aqueles datos que permitan demostrar que é unha cantiga de amigo (todo o que se afirme debe estar avalado con exemplos da cantiga)
 - Voz poética
 - Amor correspondido-ausencia do namorado
 - Alusión ó amado como amigo
 - Presenza de confidentes, elementos da natureza
 - Orixe. Estrutura repetitiva
- Subxénero (só se aparece): cantiga de romaría, mariña ou barcarola, bailada, alba ou alborada.
- Estrutura externa: métrica e rima.
 - Número de estrofas e de versos que ten cada estrofa.
 - Medida dos versos
 - Rima: - Se a rima é aguda, chámase macho. Se é grave, chámase femia.
 - Tendo en conta como é a rima as estrofas serán:
 - Cobras (nome que recibía a estrofa na época medieval) singulares (cada unha ten unha rima distinta);
 - Cobras alternas (a rima da 1ª é igual cá da 3ª, a da 2ª é igual cá da 4ª e así sucesivamente);
 - Cobras unisonantes (todas as estrofas teñen a mesma rima).
 - Cobras dobradas (repítese o esquema de rima cada dúas estrofas)
 - Cantigas de refrán (aquelas nas que se repite un verso ou versos ó final de cada estrofa), cantigas de mestría (non se repite ningún verso).
- Tema: debemos enuncialo nunha palabra ou frase. Podemos xustificalo baseándonos no que se di no texto.
- Estrutura interna: partes nas que podemos dividir o poema tendo en conta o contido (hai que ter en conta que, como normalmente a cantiga de amigo está construída a partir do paralelismo, as estrofas van aparecer agrupadas de dúas en dúas).
- Comentario do contido:

Neste apartado debemos ir comentando que di o poema e facendo alusión ós recursos estilísticos que aparecen.

- Conclusión. Neste apartado faise unha breve recompilación dos aspectos máis importantes da cantiga.

Ondas do mar de Vigo (1)
Se vistes meu amigo
E, aí Deus se verra cedo!

Ondas do mar levado,
Se vistes meu amado
E, aí Deus se verra cedo!

Se vistes meu amigo
O por que eu sospiro
E, aí Deus se verra cedo!

Se vistes meu amado,
Por que hei gran coidado
E, aí Deus se verra cedo!

Este poema é unha cantiga de amigo no que a voz poética é unha muller (di de que está esperando ó amigo ou amado, polo tanto está contado desde a perspectiva feminina) que fala do seu amor cara a un home ó que designa coa palabra amigo: “se vistes meu amigo” (v. 5). Nas cantigas de amigo o amor é correspondido aínda que, na maioría dos poemas, os namorados nunca están xuntos ou hai algún obstáculo que dificulta o amor. Neste caso a moza está esperando polo seu “amigo” (se vistes meu amigo, v. 2) e amosa inquietude porque o seu namorado tarda.

Nesta cantiga aparecen reflectidas outras dúas características deste tipo de composicións: a importancia da natureza e a presenza de confidentes. A natureza está representada no mar que é un elemento crucial e, ademais, actúa como confidente da moza, xa que se dirixe a el preguntándolle polo seu amigo.

A cantiga de amigo ten unha orixe autóctona e está inspirada nas cancións populares, que as mulleres recitaban cando facían diferentes tarefas, e que os trovadores imitaron (por esta razón son poemas moi repetitivos xa que estaban pensados para ser recitados) .

O poema é unha cantiga de amigo pero pertence ó subxénero das mariñas ou barcarolas porque o mar ten unha presenza moi importante no poema.

A cantiga está composta por catro estrofas de dous versos cada unha. Os versos son de sete sílabas e a rima é femia (Vigo-amigo, levado-amado, etc.). Tendo en conta a rima pódese dicir que se trata de cobras alternas, xa que a rima da primeira estrofa coincide case na súa totalidade coa terceira (todos os versos riman en –igo, agás sospiro, que ten a mesma rima pero en asonante). A rima da segunda é igual cá da cuarta (todos os versos riman en –ado) O esquema de rima é: aa bb aa bb

Este poema é unha cantiga de refrán xa que, ó final de cada estrofa, se repite o verso: *e aí Deus se verra cedo* (este verso é moi importante porque expresa a angustia que sente a moza en relación a se o seu amigo chegará á hora.

O tema da cantiga é a espera do amor xa que a moza está agardando polo seu namorado e pregúntase se tardará moito: *aí, Deus, se verrá cedo* (refrán). O contido estrutúrase en dúas partes: a primeira está formada polas dúas primeiras estrofas e a segunda está formada polas dúas últimas. Na primeira parte, a moza diríxese ó mar para

preguntarlle se viu ó seu amigo (*ondas do mar de Vigo, se vistes meu amigo*) Na segunda parte introduce unha novidade: segue preguntando por el pero afirma o amor que sente: suspira por el e sente moita preocupación (*o por que eu sospiro, polo que hei gran coidado*). Cómpre salientar que esta estrutura é moi común neste tipo de cantigas e débese ó emprego do paralelismo, que agrupa as estrofas de dúas en dúas.

Na primeira estrofa a namorada pregúntalle ó mar se viu o seu amigo e na segunda estrofa dise o mesmo cunha leve variación: cambia *Vigo* por *levado* e *amigo* por *amado*. O recurso que emprega é o paralelismo.

Na terceira e cuarta estrofa, o paralelismo fai que se repita a mesma idea: a moza segue preguntando polo amado pero introduce un novo dato: o grande amor que a muller sente polo namorado que non chega (*o por que eu sospiro, por que hei gran coidado*). Isto débese a que emprega leixaprén que fai que o segundo verso da primeira estrofa (*se vistes meu amigo*) pase a ser o primeiro verso da terceira. O primeiro verso da segunda estrofa (*se vistes meu amado*) é o primeiro da cuarta.

Como conclusión pódese dicir que neste poema están presentes todas as características da cantiga de amigo e, aínda que, aparentemente é un texto moi simple, o trovador demostra as súas capacidades poéticas a través do emprego do paralelismo, o leixaprén e a rima alterna.